

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudo, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Goberno aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade **""O GALEGO NO ÁMBITO PROFESIONAL DAS RELACIÓNS LABORAIS: UNHA OPORTUNIDA". CICLO DE CONFERENCIAS E TÁBOAS REDONDAS."** como créditos de libre configuración curricular este Reitorado adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade **""O GALEGO NO ÁMBITO PROFESIONAL DAS RELACIÓNS LABORAIS: UNHA OPORTUNIDA". CICLO DE CONFERENCIAS E TÁBOAS REDONDAS."**, organizada pola Escola Universitaria de Relacións Laborais, Servizo de Normalización Lingüística e a Consellería de Traballo, que se vai realizar durante os meses de novembro e decembro do ano 2006, para ser imputada como créditos de libre configuración curricular, cunha equivalencia de **1 crédito**.

SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar ós alumnos da Facultades de CC. Políticas e da Administración, Dereito, CC Económicas e Empresariais e Escola Universitaria de Relacións Laborais.

TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Os efectos do disposto na alínea 15 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurará como responsable académico universitario don Xabier Ferreira Fernández director da Escola Universitaria de Relacións Laborais.


CUARTO.- CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

A acreditación da actividade reflectirase mediante acta asinada polo responsable académico, que será enviada ó Servizo de Xestión Académica enviándoa este ás Unidades de Xestión Académica. Na citada acta, ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2006/125**.

Para os efectos de información os alumnos deben dirixirse á Escola Universitaria de Relacións Laborais, Campus Sur, ext:15126. Servizo de Normalización Lingüística, Casa da Balconada, Rúa Nova 6, ext:11316.

QUINTO.-RECOÑECIMENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán a solicitude na unidade de xestión académica onde se lles expedirá o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2006
O REITOR

Sénén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE CC. POLÍTICAS E DA ADMINISTRACIÓN - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE DEREITO - SR DIRECTOR DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE CC ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR/A OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR/A. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS NORTE - SR XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR - OFICINA DE ANÁLISE DAS RECLAMACIÓNS.